

**Organiza:** Anpa Coutada Beade  
Camiño Alén, 6  
36312 VIGO  
Tfnos. 886111196 Fax:

**Colabora:** Agrupación de Atletismo Escolar "Xóvenes Atletas"

VIGO a 21 de Xaneiro de 2024

### **REGLAMENTO E NORMAS DA PROBA:**

**Primeira:** As categorías participantes para o ano 2024 serán as que máis abaixo se indican:

Categorías	Cadete			Infantil		Alevín		Benxamín		Prebenxamín		Pitufu ou Olímpico		
	16	15	14	13	12	11	10	9	8	7	6	5	4	3
Año de nacemento	2007	2008	2009-10	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2020	2021	2022

**Segunda:** As distancias podrán oscilar en cada proba entre as seguintes:

	Cadete		Infantil		Alevín		Benxamín		Prebenxamín		Pitufu/Olímpico	
	Máxima	Mínima	Máxima	Mínima	Máxima	Mínima	Máxima	Mínima	Máxima	Mínima	Máxima	Mínima
Feminino:	3500	2500	2500	2000	2000	1500	1500	900	750	400	300	100
Masculino:	4500	3500	3500	2500	2500	1500	1500	900	750	400	300	100

**Terceira:** Cada centro confirmará a súa participación 6 días antes da celebración da proba, con unha relación dos participantes por categoría e sexo, facendo constar na mesma: Nome, Apelidos e data de nacemento, debéndoa de entregar ó Delegado do comité organizador.

**Cuarta:** O número de participantes por Centro é ilimitado, podendo participar calqueira neno ou nena aínda que non estean matriculados no Centro ou Colexio invitado.

**Quinta:** O centro organizador non subvencionará os gastos de desprazamento.

**Sexta:** Cada centro terá un Delegado para tratar calqueira anomalía que poida xurdir e que será resolta polo comité organizador. O Delegado deberá presentarse trinta minutos antes de escomenza-las probas para recoller a documentación.

**Séptima** Non será admitido ningún centro que non fose invitado directamente polo Comité Organizador.

**Octava:** Os dorsais serán entregados pola organización antes do inicio das carreiras  
Os dorsais levaranse no peito e de xeito visible.

**Novena:** A orde das carreiras será de xeito rotativo Feminino e Masculino como sigue:  
cadete + xuvenil, infantil, alevín, benxamín, prebenxamin, adultos, pitufos.

